


Xogo de multiplicación de números. Estrela máxica de seis puntas e centro.

(A partir de 5º de Educación Primaria. Como axuda pode indicarse o número do centro en cada caso).

Esta estrela está formada por dous triángulos, un invertido respecto do outro.

Colorea cada serie de números de abaixo cunha cor diferente para non mesturalos despois.

Recorta unha serie de números e colócaos nos vértices e no centro da estrela, de maneira que os tres números que están nos vértices de cada triángulo e tamén os tres números de cada un dos tres segmentos que pasan polo centro da estrela dean o produto indicado.



1	2	3	6	12	18	36	Produto = 216
1	2	5	10	20	50	100	Produto = 1.000
1	4	5	20	80	100	400	Produto = 8.000